



Expte. 2626/2025
Asunto: convocatoria de subvencións para fomento da cultura no municipio (2025),
aprobada mediante resolución de data 11-7-25

CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA FOMENTO DA CULTURA NO MUNICIPIO (2025)

"1. OBXECTO

O Concello de Nigrán realiza a convocatoria de subvencións co obxectivo de apoiar o desenvolvemento de programas ou actividades culturais que complementen a programación dos servizos municipais e que se realicen con carácter público en Nigrán durante o ano 2025.

2. NORMATIVA E BASES REGULADORAS

A presente convocatoria rexerese polas bases xerais reguladoras da concesión de subvencións, incluídas como Anexo II das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2025 (BOP núm. 82 do 2/05/2025), polas bases específicas, incluídas como Anexo III do mesmo orzamento xeral, ambos os dous documentos cuxo texto íntegro está publicado na sede electrónica do Concello de Nigrán (<http://nigran.sedelectronica.org> apartado "Portal de transparencia", subapartado "4. Axudas e subvencións", "2025"), <https://nigran.sedelectronica.gal/preview-document/c1b4d4c6-21d4-423a-9129-a5062a172869/>, ademais de polo previsto na Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia (LSG), o Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro polo que se aproba o regulamento que desenvolve a devandita lei, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.

3. BENEFICIARIOS

Poderán solicitar as subvencións obxecto da presente convocatoria as asociacións ou outras entidades asociativas sen ánimo de lucro que, cumprindo co establecido no artigo 10 da lei 9/2007 de 13 de xuño de Subvencións de Galicia, figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Nigrán cunha antigüidade de como mínimo seis meses respecto da data da convocatoria, e que teñan a súa sede social no termo municipal de Nigrán, con capacidade para levar a cabo as actividades subvencionables

4. FINANCIAMENTO

A contía máxima da convocatoria ascende a 22.500 euros, de acordo co certificado de retención de crédito nº 220250004181 na aplicación orzamentaria 334.48000 do Orzamento Xeral para 2025 .

5. CONTÍA DAS AXUDAS





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

*Establécese un importe máximo total subvencionable por entidade de **2.000 euros**.*

As subvencións concederanse de acordo cos criterios establecidos nos apdos. 4 e 5 das bases específicas.

6. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Poderán presentarse solicitudes de axudas durante o prazo de quince días hábiles contado a partir do día seguinte á publicación do extracto da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado dende a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) nos termos establecidos no art. 20.8 da Lei da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos, a través da sede electrónica do Concello de Nigrán (nigran.sedelectronica.gal), por canto trátase de entidades obrigadas a relacionarse por medios electrónicos, de conformidade co artigo 14 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As solicitudes deberán empregar o trámite electrónico “Solicitud de Subvención Subvención para actividades culturais (2025)”, dispoñible na devandita sede electrónica, no apartado de axudas e subvencións, do catálogo de trámites.

7. PRAZO PARA A XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS

Unha vez rematadas as actividades ou programas obxecto de subvención, os beneficiarios deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello, ou por calquera das fórmulas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a documentación xustificativa relacionada no nº 25 das Bases Xerais reguladoras da concesión de subvencións, en canto á conta xustificativa, e nº 23 en canto aos certificados de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

*O último día para presentar esta documentación será o **15 de novembro** da anualidade á que se refire a convocatoria.*

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

